

Fráxiles na pandemia

- ...*"Todos os seres humanos nacemos nesta terra coa mesma dignidade. As diferenzas de cor, relixión, capacidades, lugar de nacemento, lugar de residencia e tantas outras, non poden antepoñerse nin utilizarse para xustificar e soste os privilexios"*.
- ...*"Temos que "asumir" a cultura do diálogo como camiño para a colaboración común e como conduta para o coñecemento recíproco"*.

REFLEXIÓNS DA COORDINADORA DE CRENTES GALEG@s
AO REMATE DO ANO 2020

Vivir unha espiritualidade da fragilidade

Neste ano 2020, ano de pandemia, de confinamentos, peches perimetrais, distanciamentos, máscaras de seguridade; ano de medos, de desconfianzas, de desesperanzas, de penas e angustias para tanta xente; percibimos un novo xeito de poñer obstáculos no camiño da Paz e do ben común.


Fronte a estes tempos difíciles e duros, queremos levar ánimo transmitindo a Boa Nova de que outro mundo máis xusto e solidario é posible. Esta situación que nos toca vivir, podémola superar apoiándonos, acompañando ás persoas máis empobrecidas e excluídas, vencendo o individualismo... Sabemos que a persoa é sempre o máis importante e polo tanto, desde a nosa fragilidade, todos os seres humanos somos necesarios para transformar esta realidade.

O monstro do coronavirus COVID-19

Por se non fose suficiente cos problemas que temos, un virus estanos a abocar a situacións extremas, de dificultade nas relacións persoais, de perda de emprego, de cambio de xeito de traballar; está levando ao peche aos pequenos traballos autónomos e obriga ás empresas grandes a acollerse aos ERTES no mellor dos casos. A inseguridade, a depresión, o pesimismo, o individualismo volven afundirnos nunha grave crise. O peor deste monstro é que nos paraliza, nos exaspera, nos divide, nos enfrenta e nos exacerba.

O Papa Francisco, fai unha proposta con esta enciclica a todas as persoas de boa vontade, e dun xeito especial ás persoas crentes nun Deus Pai e Nai, cara a lograr unha nova orde Mundial coas persoas pobres no centro. Tamén nos propón que o AMOR supere o odio, o medo, o individualismo, a competitividade, a exclusión...; que a XUSTIZA busque a superación das desigualdades, o reparto da riqueza, a protección da natureza.... e a PAZ desprace as guerras, a violencia, a opresión, as rivalidades polo poder...

No comezo dun novo ano, temos que ter a esperanza na construción dunha nova sociedade do coidado e do ben común. A nosa esperanza non morre pois cremos na bondade das persoas e de toda a humanidade.



Coordinadora de Crentes Galeg@s

DECEMBRO 2020

A pandemia veu alterar a nosa realidade no ámbito da saúde e no ámbito social, económico, profesional, cultural e político. Os efectos da covid-19 son coñecidos: numerosas persoas contaxiadas e mortas (moitas delas entre os nosos maiores), redución de ingresos económicos, falla de redes de protección... Todo isto fai necesario un novo humanismo a nivel mundial. A covid-19 pode ser superada no campo da saúde, pero necesita ser superada, tamén, nos demais ámbitos da vida. Non podemos saír como antes da pandemia, temos que saír máis co-responsables. Debemos preguntarnos, como superar xuntos o virus da desigualdade e a pandemia da pobreza?

Segundo OXFAM ata 500 millóns de persoas poderían caer na pobreza debido á crise, o que faría retroceder a algúns países tres décadas na loita contra a pobreza. OXFAM propón un plan de rescate urxente para 85 países con especiais necesidades mediante a renovación das políticas financeiras e fiscais e vacinas de balde para todos e todas.

A crise do 2008 deixou a España como cuarto país da UE máis desigual, cunha taxa de pobreza do 22%, e un mundo laboral precario. No 2020, o coronavirus está provocando unha crise económica aguda que supón que máis de 700 000 persoas traspasarán o portal da pobreza (un 26% da poboación). O PIB e a renda dispoñible estanse derrubando no país, afectando aos empregos precarios (especialmente ás persoas inmigrantes). Oxfam Intermón propón para España medidas tributarias a curto prazo, así como unha transformación profunda do sistema fiscal. Avanzar polo camiño actual fará ensanchar a fenda da desigualdade, e millóns de persoas serían arrastradas á fame e á pobreza. As accións a levar a cabo son urxentes e diferentes do feito ata agora. Este é o reto. É cuestión de xustiza. É un reto a afrontar con decisión e solidariedade fonda.

Necesidade dunha humanidade unida e solidaria

A Coordinadora de Crentes Galeg@s, anima a non quedarnos de brazos cruzados. Non son tempos para o pesimismo. A ocasión esíxenos grandes cambios de forma de pensar e xeitos de actuar. Vemos a necesidade de confiar moito máis nas persoas, de pensar no que é mellor para elas e non só no beneficio económico. Vemos a necesidade de cambio

a un sistema político máis participativo, menos burocrático e máis de servizo á colectividade. Vemos a necesidade de potenciar o ensino, a sanidade, a cultura, a ciencia, o transporte... como servizos públicos. Vemos a necesidade dun cambio económico, mercantil e financeiro, que elimine a situación actual de que a riqueza estea en poucas mans. Vemos a necesidade de acoller ás persoas migrantes e de esixir aos gobernos que tomen medidas para legalizar a situación de miles de persoas migrantes e refuxiadas, en lugar de aplicar a devolución aos países de orixe. É necesario un compromiso unitario e solidario para transformar este mundo e facelo máis humano, xusto e habitable; feliz e en Paz. Temos que ter claro que se non o facemos nós pola base, os de enriba non o van facer porque están moi ben como están.

Soños de fraternidade: un novo modelo social coa persoa no centro

A última Encíclica Social do Papa Francisco, *"Fratelli Tutti"*, fai un chamamento a toda a cristiandade a soñar e traballar para construír una única humanidade na que todas as persoas sexamos irmás. Dinos o Papa Francisco que *"cando se respecta a dignidade das persoas e os seus dereitos son recoñecidos e tutelados, florece tamén a creatividade e o enxeño"*. Habería que engadir que, tamén, se potencia o amor, a xustiza e a Paz.

Como afirma a Encíclica:

- ...*"frente a diversas formas de eliminar ou ignorar aos demais, sexamos capaces de reaccionar levando un novo soño de fraternidade e amizade social máis alá das palabras"*.
- ...*"fagamos o posible para que tanta dor como se dá na actualidade no mundo, non sexa inútil, que sexamos capaces de dar un salto cara a unha forma nova de vida e descubramos definitivamente que nos necesitamos todas as persoas, unhas a outras"*.
- ...*"O ser humano está feito de tal xeito que non alcanza a súa realización e plenitude se non ten medios para desenvolverse mediante unha entrega sinxela de si mesmo aos demais"*.